



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **HARMONÍA E CONTRAPUNTO IV BILINGÜE (EN)**

curso 2020/2021

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLOS DECRETOS 163/2015 E 171/2016)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN			
HARMONÍA E CONTRAPUNTO IV EN INGLÉS			
ESPECIALIDADES:	Interpretación, Pedagogía		ITINERARIOS: Todos agás Jazz
CARÁCTER:	Formación básica		TIPO DE CLASE: Colectiva
DEPARTAMENTO:	Composición · Sección Bilingüe		XEFE DE DPTO.: Paz Pita
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso
	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA: Paz Pita	
CUADRIMESTRES	I	II	III
	IV	V	VI
	VII	VIII	Horas de clase semanais: 1,5
ECTS/CUAD.		2	Observacións: -
DOCENTES:	NOME E APELIDOS		EMAIL
	Paz Pita		TITORÍA
			mpazpita@edu.xunta.gal
			Venres 12:00

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS

DESCRITOR: Adquisición de coñecementos que faciliten a percepción, a interpretación, a reflexión e a documentación musical. Estudo do repertorio e do seu contexto estilístico. Desenvolvemento do oído, da escoita, da memoria e da intelixencia musical. Práctica escrita e instrumental dos diferentes elementos e procedementos harmónicos e contrapuntísticos propios dos distintos períodos da historia da música. Aprendizaxe dunha lingua estranxeira a través dunha disciplina non lingüística.

COÑECEMENTOS PREVIOS: Os propios do cuadrimestre anterior e un nivel de inglés propio do ensino obrigatorio.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: T1, T2, T3, T4, T5

COMPETENCIAS XERAIS: X1, X2, X8, X10, X11, X13, X15, X21, X22, X23

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: EI6, EI7, EP1, EP3

Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 16 de novembro, anexo II, e no Decreto 171/2016 de 24 de novembro, anexo II.



3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Cofeecer os principios técnicos e estilísticos da música do clasicismo e o romanticismo, representados nos seus principais compositores/escolas/estilos.	T1, T2, T4, T5 X1, X8, X11, X13, X15, X22, X23 EI6, EI7, EP1, EP3
Aplicar os coñecementos teóricos na práctica, a través da realización de exercicios de estilo	T1, T2, T3 X2, X8, X11, X13, X21, X22 EI7, EP3
Sintetizar as principais características técnicas e estilísticas dunha obra e argumentar a súa relación coa propia actividade creativa	T2, T3, T4, T5 X1, X8, X10, X11, X13, X15, X21, X22, X23 EI6, EP1, EP3
Emprego do inglés no contexto propio dunha clase de harmonía: vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión orais e escritas, etc.	T5 X8, X10, X21 EI6

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Romanticismo II	1.1. A harmonía no romanticismo tardío e post-romanticismo A evolución cara a disolución da tonalidade.	4
	1.2. Aplicación de recursos Exercicios de acompañamento pianístico de melodías vocais/instrumentais.	
2. Impresionismo	2.1. Timbre vs forma O timbre no impresionismo francés e a tradición harmónico-formal alemá.	6
	2.2. Debussy O slendro e a escala de tonos enteiros, texturas, mixturas, forma e estrutura compositiva, harmonía (novo linguaxe harmónico e materiais empregados)	
	2.3. Aplicación de recursos Melodías acompañadas en estilo impresionista	
3. Schönberg e o serialismo	3.1. Atonalidade libre, dodecafonismo e serialismo integral	4
	3.2. Schönberg, Berg, Webern	
	3.3. Dodecafonismo e contrapunto: a escala e a melodía dodecafónica	
	3.4. Forma e estrutura no método dodecafónico	
	3.5. Aplicación de recursos Pequenas pezas dodecafónicas	
4. Repaso de contidos		2
TOTAL SESIÓNS:		16



5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clase maxistral Exposición do tema que se vai traballar con explicación de conceptos teóricos e mostra de exemplos prácticos: análise e audición de exercicios xa realizados, realización na aula ou obras que sirvan de exemplo, segundo o caso. Empregarase o inglés a nivel oral (comprensión e expresión) e escrito.	3	0	3
Análise de exemplos Análise e audición de obras do estilo do que deberán realizar os estudantes de cara a sintetizar as súas principais características técnicas e estilísticas.	1,5	3,5	5
Práctica individual Realización por parte do alumnado de exercicios prácticos do tema en cuestión cun nivel de dificultade progresivo.	13	32	45
Corrección individual Corrección persoalizada da práctica individual. Poderá empregarse o inglés.	3	0	3
Práctica/corrección colectiva Debate sobre a realización de determinados exercicios prácticos ou corrección colectiva de certos exercicios realizados individualmente (análises, etc.). Na pizarra e piano ou proxector con audición. Poderá empregarse o inglés.	2	0	2
Actividades de avaliación: Proba final, en inglés.	1,5	0	1,5
Actividades de avaliación: Entrega de traballos do curso	0	0,5	0,5
		TOTAL HORAS:	60



6. AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Práctica semanal • Avaliación continua da práctica individual (presencial e non presencial) e da participación nas actividades colectivas. • Avaliación do caderno de exercicios entregado nas datas que se indican na aula virtual. <i>Obrigatorio para poder optar á avaliación continua.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade, cantidade e presentación dos traballos realizados e entregados. • Correspondencia entre os traballos realizados na casa e na aula. • Evolución ao longo do cuadrimestre. • Asistencia, puntualidade e actitude na aula (corrección e produtividade) • Participación constructiva nas actividades colectivas. 	Todas	60 %
Exames de aula Probas prácticas de cada tema realizadas periódicamente na aula ao longo do cuadrimestre, sen data previamente anunciada.	Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade), correspondencia cos traballos realizados na casa e presentación do traballo realizado.	Todas	40 %
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Exame final Igual que a convocatoria extraordinaria	Igual que a convocatoria extraordinaria	Todas	100 %
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA, <i>se o alumno SUPERA CATRO FALTAS DE ASISTENCIA</i> , OU AVALIACIÓN CONTINUA CUALIFICADA CON SUSPENSO)			
Exame final Igual que a convocatoria extraordinaria	Igual que a convocatoria extraordinaria	Todas	100 %
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Exame final Proba teórico-práctica de 3 horas de duración máxima, que consta das seguintes partes: <ul style="list-style-type: none"> • realización dun exercicio práctico similar aos realizados ao longo do cuadrimestre (poderá pedirse defensa oral do exercicio en inglés) • pequeno test con preguntas sobre os conceptos estudados (en inglés) 	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade) e presentación do traballo práctico. • Corrección nas respostas do test. • Capacidade comunicativa en inglés no contexto propio dunha clase de harmonía: vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, comprensión e expresión orais. 	Todas	100 %

7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

Bibliografía

DE LA MOTTE, D.: *The study of harmony*. William C Brown. 1991
 DE LA MOTTE, D.: *Contrapunto*. Labor. 1991
 DESPORTES, Y. e BERNAUD, A.: *Manual práctico para el reconocimiento de los estilos desde Bach a Ravel*. Real Musical. 2000
 BUTTERWORTH, A. *Stylistic harmony*. Oxford University Press. 1994
 LESTER, J.: *Analytic approaches to twentieth-century music*. Norton. 1989

Outros materiais

Todos os materiais precisos para cursar esta disciplina (exercicios, exemplos, audicións, teoría, etc.), así como os documentos relativos a ela (programacións, convocatorias, cualificacións, etc.) están disponibles na aula virtual <http://www.edu.xunta.es/centros/cmuscورونا/aulavirtual/>, da que se proporcionan datos de acceso a cada estudante ao inicio do curso.



ANEXOS

Neste apartado recóllense as adaptacións precisas para o cumprimento das *Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021*.

Nesta disciplina non é de aplicación que a programación recolla as aprendizaxes non adquiridas no curso anterior xa que se cumpriron íntegramente as competencias, contidos e obxectivos.

A entrega de traballos será preferentemente de forma telemática, en todo caso seguindo as indicacións específicas de cada docente, para minimizar o intercambio de papel no ensino presencial.

Os medios telemáticos e os materiais dixitais a empregar (en calquera modalidade de ensino) serán concretados por cada docente, quen os escollerá en función da idoneidade educativa e atendendo á dispoñibilidade real dos mesmos para o alumnado. Preferentemente empregaranse a aula virtual, a plataforma webex, correo electrónico, whatsapp, skype ou similares.

ANEXO I: ENSINO SEMI-PRESENCIAL

Será de aplicación no caso de que algún estudante ou o docente non poidan asistir ao centro por atoparse en corentena e deban desenvolver puntualmente a súa actividade lectiva/docente telemáticamente.

Nesta situación as competencias, obxectivos, e contidos da disciplina non sufrirán variacións.

A planificación docente durante a corentena variará nos seguintes aspectos:

- As clases maxistras e a análise de exemplos desenvolveráanse telemáticamente ou serán substituídas por materiais dixitais.
- A corrección individual e/ou colectiva desenvolveráse telemáticamente, ben por escrito ou por videoconferencia.
- As actividades de avaliación variarán no sentido recollido de seguido.

A avaliación non sufrirá variacións agás que a corentena coincida coa data de exame e/ou de realización de probas de aula. Nese caso desenvolveríase telemáticamente a proba ou/e substituíríase (en todo ou en parte) por unha actividade que se entregaría por medios telemáticos.



ANEXO II: ENSINO NON PRESENCIAL

Será de aplicación no caso de que as autoridades educativas e/ou sanitarias decreten un novo estado de confinamento ou suspensión da actividade lectiva presencial con carácter xeral.

Nesta situación as competencias, obxectivos, e contidos da disciplina non sufrirán variacións.

Durante o período de confinamento/suspensión da actividade lectiva presencial sería de aplicación o recollido no anexo I para os períodos de corentena.